

REUNIÓN XERENCIA DE SEAGA COS SINDICATOS

Santiago de Compostela 02/04/2022

O pasado día 30 mantivemos a primeira reunión presencial, dende fai máis de dous anos, para tratar a cuestión da ampliación do cadro de persoal discontinuo proposto pola empresa, a listaxe de prazas ámbito da Lei 20/2021, e o regulamento para chamamentos de persoal discontinuo.

AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DESCONTINUO:

SEAGA conta cun cadro de persoal discontinuo de **135 traballadores/as**, dos que 106 están en activo, 2 en situación de excedencia e **18 manteñen unha relación laboral suspendida coa empresa**.

A entrada en vigor da reforma laboral impide a contratación mediante o contrato de obra ou servizo, que era o que habitualmente viña utilizando a empresa e dado que o pasado **9 de marzo ampliouse o cadro de persoal discontinuo en 34 prazas**, xurde agora a problemática da súa cobertura.

A **pretensión da empresa é a recuperación da relación suspendida deste persoal**, co fin de que ocupen de novo as prazas de orixe (incendios), ocupando así parte das prazas que agora se amplían no cadro.

A nova cobertura levará consigo o **pase aos 9 meses de traballo**, tal e como se conforma o tempo de traballo para as novas prazas e **mantendo o plus de mobilidade**. De todo isto as persoas afectadas foron informadas.

Na reunión acordouse **modificar a redacción do documento que presenta a empresa, suprimindo** no expoño segundo "**sendo interese do traballador...**", de tal forma que queda claro que é a empresa a que procede, polo seu propio interese a reintegrar ás persoas á praza con suspensión de contrato desde o ano 2019.

Para realizar a cobertura do **resto de prazas**, UGT solicitou se acudise á **listaxe de contratación temporal**.

LISTAXE DE PRAZAS OBXECTO DE ESTABILIZACIÓN POLA LEI 20/2021:

O primeiro que nos chama a atención da documentación aportada pola Empresa é que **botamos a faltar, precisamente as prazas de persoal técnico e capataz (18)**, que estando no cadro discontinuo, **entendemos son obxecto de inclusión**.

A nosa razón non é outra que o determinado na **Disposición Adicional Oitava da Lei 20**, que determina sobre a identificación das prazas a incluír nas **convocatorias de concurso**, que:

*Adicionalmente, os **procesos de estabilización** contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as **prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016**.*

Debemos atender en primeiro lugar ao **concepto de estruturalidade** das prazas, para o que segundo a **Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública** sobre as **orientacións** para a posta en marcha dos **procesos de estabilización** derivados da Lei 20/2021, determínase:

*Entendese por **prazas de natureza estrutural** aquelas relativas a **funcións recorrentes que se integran na actividade ordinaria e do normal funcionamento** da Administración de que se trate, incluíndo polo tanto, as **prazas ligadas a programas ou actuacións que non gocen de substantividade propia e diferenciada da actividade ordinaria**.*

Dentro o punto 2 das citadas instrucións, das **características das prazas a computar, no apartado 2.3.** Prazas que incluír no proceso da disposición adicional sexta (que no caso que nos ocupa é a **disposición adicional sétima**) en virtude da **disposición adicional octava**, determinase que:

Neste caso, estas prazas vacantes de natureza estrutural son aquelas ocupadas á entrada en vigor da Lei 20/2021 de forma temporal por persoal temporal de larga duración cunha relación de servizos desta natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, aínda cando se teñan sucedido diversos nomeamentos ou contratos temporais ao largo do tempo na mesma administración, estabilizándose a última praza ocupada.

Aténdonos ao literal exposto **UGT esixe á SEAGA** que se inclúan as prazas de relación temporal que, ocupadas por persoal desde 2016, e para elo se volva a pasar un novo cadro que cumpra tanto a norma legal como a Resolución ministerial.

O anterior implicará a obrigatoriedade de incluír as prazas ocupadas actualmente polo persoal con contrato suspendido, pola vía de concurso, tal e como así o establece a Disposición Adicional Sétima da Lei 20/2021.

Agardamos esa nova listaxe que dea debido cumprimento ao mandato legal.

Ao respecto das **persoas que teñen gañada en primeira instancia unha sentenza**, pendente de recurso ante o TSXG, que **determina a súa condición de indefinida non fixa na praza de todo o ano**, estamos ante unha situación que levaría as prazas a ter que ser ofertadas nun futuro proceso selectivo para persoal fixo aténdonos a redacción dada pola **Lei 20/2021**, sobre a modificación practicada sobre o **artigo 10 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público**, considerando que o **límite máximo da contratación son 3 anos**, véndose obrigada a Empresa a convocar antes de tal finalización temporal a cobertura da praza de forma fixa polos sistemas que procedan.

Do anterior **UGT conclúe** que para dar seguridade xurídica ás persoas e ao proceso deben ser incluídas as prazas no sentido que a norma determina.

REGULAMENTO DE CHAMAMENTOS DE PERSOAL DESCONTINUO:

Respecto a este punto, quedou claro que o **chamamento realízase sobre unha lista pechada**, co obxectivo de no **prazo de dous anos poder ir ampliando o tempo de contratación ata chegar aos 9 meses**, dependendo das encargas que poda ir collendo a Empresa.

UGT manifestase a favor da ampliación do tempo de traballo para o persoal e insta a Empresa a que asuma ese compromiso que permita a asunción de busca de carga de traballo que así o permita.